



## *Lobaria pulmonaria* (L.) Hoffm.

Especie fácil de reconecer por ter grandes talos foliáceos (foto 1) coa superficie formada por depresións ovais que se distribúen formando unha rede (fotos 2, 3).

Atópase en zonas con abundantes precipitacións, nos troncos das árbores de bosques húmidos e pouco alterados.

O diámetro do talo pode acadar os 20 cm e os lóbulos teñen unha anchura de 1 a 3 cm. Deshidratado ten consistencia apergaminada e cor parda grisácea (fotos 1,3); en estado hidratado é de cor verde (foto 2). Nas crestas e nas marxes poden formarse sorais abrancazados (foto 3) e/ou isidios cilíndricos da mesma cor do talo (foto 4).

Apotécios raros con disco castaño alaranxado (foto 2, 3) que medran nos márxenes e nas crestas do talo.

**Fotobionte:** alga verde tipo clorococcoide.

**Reaccións:** Medula branca K<sup>+</sup> amarela-alaranxada e P<sup>+</sup> vermello.